

# **Informe sobre os fogares compostos por persoas maiores de 64 anos.**



**FAGAL**  

---

**FEDERACIÓN ALZHEIMER GALICIA**

## ÍNDICE

Poboación total 2016 .....	4
Poboación maior de 64 anos en Galicia .....	4
Poboación maior de 64 anos en A Coruña .....	5
Poboación maior de 64 anos en Lugo .....	5
Poboación maior de 64 anos en Ourense .....	6
Poboación maior de 64 anos en Pontevedra .....	6
Porcentaxe de poboación maior de 64 anos respecto ao total .....	7
Número total de fogares .....	8
Fogares compostos por persoas de 65 ou máis anos. Número de fogares, peso no total de fogares da provincia/Galicia (%) .....	8
Número de fogares compostos por persoas de 65 ou máis anos segundo o tamaño de municipio. Galicia 2007-2015. ....	9
Número de persoas de 65 ou máis anos que viven en fogares con todos os membros de 65 ou máis anos (sobre o total de persoas maiores de 64 anos). Galicia e provincias 2007-2015. ....	10
Fogares segundo a tipoloxía do fogar. Ano 2015. Porcentaxe (%).....	10
Número de fogares de 65 anos ou máis, unipersoais por comunidades e cidades autónomas segundo sexo e estado civil .....	11
Número de fogares unipersoais por comunidades e cidades autónomas segundo sexo, idade (maiores de 64 anos) e estado civil .....	11
Nivel de ingresos mensuais dos fogares compostos por persoas de 65 ou máis anos (número). Galicia. ....	12
Tipoloxía dos fogares compostos por persoas de 65 ou máis anos. Galicia.....	13
Limiar do risco de pobreza 2015 / Taxa risco de pobreza Galicia e provincias .....	14


Taxa de risco de pobreza das persoas de 65 ou máis anos que viven soas segundo o sexo. Galicia.....	14
Taxa de risco de pobreza das persoas que viven en fogares con todos os membros de 65 ou máis anos. Galicia e provincias.....	15

- **Poboación total 2016**

	Total	Homes	%	Mulleres	%
Galicia	2.718.525	1.309.809	48,18	1.408.716	51,82
A Coruña	1.122.799	538.878	47,99	583.921	52,01
Lugo	336.527	163.154	48,48	173.373	51,52
Ourense	314.853	151.226	48,03	163.627	51,97
Pontevedra	944.346	456.551	48,35	487.795	51,65

Fonte: elaboración propia a partir dos datos do IGE

Para o ano 2016, residían en Galicia un total de 2.718.525 persoas, das cales o 51,82% eran mulleres. Aínda que a poboación é maior en A Coruña e en Pontevedra, apenas existe diferenza entre a porcentaxe que representa aos homes e ás mulleres, sendo para todas as provincias maior a do xénero feminino, roldando o 51,50%.



Fonte: elaboración propia a partir dos datos do IGE

- **Poboación maior de 64 anos en Galicia.**

	Galicia Total	Galicia >64 anos	%	Poboación maior de 64 anos			
				Homes	%	Mulleres	%
2000	2.731.900	555.075	20,32	226.977	40,89	328.099	59,11
2005	2.762.198	587.137	21,26	241.921	41,20	345.216	58,80
2010	2.797.653	619.708	22,15	258.197	41,66	361.511	58,34
2016	2.732.347	661.310	24,20	280.073	42,35	381.237	57,65

Fonte: elaboración propia a partir dos datos do IGE

A poboación galega produciu un incremento de máis de 65.700 persoas entre os anos 2.000 e 2.010, chegando a alcanzar nese ano os 2.797.653 residentes. Nos últimos seis anos, este dato reduciuse en máis de 65.300, representando a finais do ano 2016 un total de 2.732.347 persoas (un dato moi similar ao alcanzado no ano 2000). Aínda que este dato foi descendendo nos últimos anos, o número de persoas maiores foi en progresivo aumento ao longo dos anos, pasando de representar o 20,32% do total de poboación no ano 2.000, a representar o 24,20 no ano 2016. En relación á poboación maior diferenciada por sexos, debemos dicir que aínda que a porcentaxe de mulleres é

superior á de homes, esta foi descendendo co paso dos anos, existindo unha diferenza de 15,30 puntos porcentuais no ano 2016 fronte aos 18,22 no ano 2000.

- **Poboación maior de 64 anos en A Coruña**

	A Coruña Total	A Coruña > 64 anos	%	Poboación maior de 64 anos			
				Homes	%	Mulleres	%
2000	1.108.419	210.599	19,00	84.984	40,35	125.615	59,65
2005	1.126.707	226.741	20,12	92.517	40,80	134.224	59,20
2010	1.146.458	243.651	21,25	100.995	41,45	142.656	58,55
2016	1.122.799	265.891	23,68	111.953	42,10	153.938	57,90

*Fonte: elaboración propia a partir dos datos do IGE*

A poboación residente na provincia de A Coruña, segue a mesma tendencia que a total galega, pois esta foi en continuo aumento entre os anos 2.000 e 2.010 (alcanzando as 1.146.458 persoas) para seis anos despois reducirse en 23.659 persoas. En relación á poboación maior de 64 anos, esta foi en continuo incremento co paso dos anos, aumentando a súa cifra en máis de 55.000 persoas. Aínda que segue habendo moita diferenza entre as porcentaxes que representan aos homes e ás mulleres maiores de 64 anos, estes datos teñen unha inclinación a igualarse co paso dos anos.

- **Poboación maior de 64 anos en Lugo**

	Lugo Total	Lugo >64 anos	%	Poboación maior de 64 anos			
				Homes	%	Mulleres	%
2000	365.619	97.607	26,70	42.339	43,38	55.268	56,62
2005	357.625	98.813	27,63	42.522	43,03	56.291	56,97
2010	353.504	98.264	27,80	42.177	42,92	56.087	57,08
2016	336.527	96.617	28,71	41.860	43,33	54.757	56,67

*Fonte: elaboración propia a partir dos datos do IGE*

Mentres que a o número de galegos aumenta entre os anos 2000 e 2010, a poboación lucense so se ve incrementada entre os anos 2000 e 2005, reducíndose en máis de 4.000 persoas para o ano 2010 e en 21.000 persoas para o ano 2016. Aínda que ocorre o mesmo coa poboación maior de 64 anos (pois este número vese reducido a partir do ano 2010), a porcentaxe en referencia ao total de poboación vai en aumento co paso dos anos, pasando de representar o 26,70% do total no ano 2000 a representar o 28,71% do total no ano 2016. En cuestión de xénero, lonxe de verse reducida a porcentaxe de mulleres maiores de 64 anos (como no caso da poboación total de Galicia e da provincia de A Coruña) este dato segue practicamente estable co paso dos anos.

- **Poboación maior de 64 anos en Ourense**

	Ourense Total	Ourense > 64 anos	%	Poboación maior de 64 anos			
				Homes	%	Mulleres	%
2000	345.241	92.890	26,91	39.234	42,24	53.657	57,76
2005	339.555	95.266	28,06	40.473	42,48	54.793	57,52
2010	335.219	96.435	28,77	41.047	42,56	55.388	57,44
2016	314.853	96.516	30,65	41.462	42,96	55.054	57,04

*Fonte: elaboración propia a partir dos datos do IGE*

A poboación da provincia de Ourense, ao igual que a poboación da provincia de Lugo, vai en aumento entre os anos 2000 e 2005, para a partir dese ano, verse reducida en 24.700 hasta o 2016. Aínda que a poboación total se viu reducida, a poboación maior de 64 anos, foi en progresivo incremento co paso dos anos, pasando de 92.890 persoas no ano 2.000 a 96.516 no ano 2016. En relación á diferenza entre sexos, aínda que a porcentaxe de mulleres maiores de 64 anos é superior á dos homes, esta estase vendo reducida a un ritmo moi lento co paso dos anos.

- **Poboación maior de 64 anos en Pontevedra**

	Pontevedra total	Pontevedra > 64 anos	%	Poboación maior de 64 anos			
				Homes	%	Mulleres	%
2000	912.621	153.979	16,87	60.420	39,24	93.559	60,76
2005	938.311	166.317	17,73	66.409	39,93	99.908	60,07
2010	962.472	181.358	18,84	73.978	40,79	107.380	59,21
2016	944.346	202.286	21,42	84.798	41,92	117.488	58,08

*Fonte: elaboración propia a partir dos datos do IGE*


A poboación da provincia de Pontevedra, segue a mesma tendencia que a poboación total galega e a poboación total da provincia de A Coruña pois vai en progresivo aumento entre os anos 2000 e 2010 para seis anos despois diminuír en máis de 18.000 persoas. Pola contra, as persoas maiores de 64 anos aumentaron en máis de 48.000 persoas durante os 16 anos comprendidos, pasando de representar un 16,87% do total no ano 2000 a representar o 21,42% do total no ano 2016. En relación á diferenza entre sexos, aínda que existe unha porcentaxe maior de mulleres maiores de 64 anos que de homes, este dato estase vendo reducido co paso dos anos, habendo unha diferenza de 16,16 puntos porcentuais no 2016 fronte aos 21,52 puntos no ano 2000.

- **Porcentaxe de poboación maior de 64 anos respecto ao total**

		2.000	2005	2010	2016
<b>España</b>	<i>P. Total</i>	40.554.387	43.662.613	46.562.483	46.468.102
	<i>P. &gt;64 anos</i>	6.752.400	7.235.526	7.901.489	8.784.849
	%	16,65	16,57	16,97	18,91
<b>Galicia</b>	<i>P. Total</i>	2.731.900	2.762.198	2.797.653	2.732.347
	<i>P. &gt;64 anos</i>	555.075	587.137	619.708	661.310
	%	20,32	21,26	22,15	24,20
<b>A Coruña</b>	<i>P. Total</i>	1.108.419	1.126.707	1.146.458	1.122.799
	<i>P. &gt;64 anos</i>	210.599	226.741	243.651	265.891
	%	19,00	20,12	21,25	23,68
<b>Lugo</b>	<i>P. Total</i>	365.619	357.625	353.504	336.527
	<i>P. &gt;64 anos</i>	97.607	98.813	98.264	96.617
	%	26,70	27,63	27,80	28,71
<b>Ourense</b>	<i>P. Total</i>	345.241	339.555	335.219	314.853
	<i>P. &gt;64 anos</i>	92.890	95.266	96.435	96.516
	%	26,91	28,06	28,77	30,65
<b>Pontevedra</b>	<i>P. Total</i>	912.621	938.311	962.472	944.346
	<i>P. &gt;64 anos</i>	153.979	166.317	181.358	202.286
	%	16,87	17,73	18,84	21,42

Fonte: elaboración propia a partir dos datos do IGE e INE

Como se pode comprobar na táboa anterior e no gráfico seguinte, aínda que a porcentaxe Española de persoas maiores de 64 anos (en relación co total de poboación) foi en aumento co paso dos anos, non supera para ningún período a porcentaxe de persoas maiores de 64 anos (en relación co total de poboación) dalgunha das provincias galegas, existindo unha diferenza de máis de 5 puntos porcentuais entre os datos da poboación maior de España e os datos de poboación maior de Galicia.



Fonte: elaboración propia a partir dos datos do IGE e INE

Por provincias, Ourense é a que presenta unha maior porcentaxe de persoas maiores de 64 anos (30,65%) seguida de Lugo (28,71%). A Coruña é a provincia galega onde máis creceu porcentaxe de persoas maiores nos últimos anos, aumentando entre o ano 2.000 e 2.016 4,68 puntos porcentuais, seguido da provincia de Pontevedra cun ascenso de 4,55 puntos porcentuais no mesmo período.

- **Número total de fogares**

	2007	%	2010	%	2015	%
Galicia	1.002.854	100,00	1.054.716	100,00	1.060.792	100,00
15 A Coruña	409.910	40,87	433.330	41,08	442.441	41,71
27 Lugo	132.659	13,23	136.277	12,92	133.205	12,56
32 Ourense	134.806	13,44	138.926	13,17	130.421	12,29
36 Pontevedra	325.479	32,46	346.183	32,82	354.725	33,44

Fonte: elaboración propia a partir dos datos do IGE


Para o ano 2015, en Galicia existen un total de 1.060.792 fogares, dos que o 41,71% pertencen á provincia de A Coruña. As provincias de Lugo e Ourense son as que menor número de fogares presentan pois ambas roldan o 12,00% (12,56% e 12,29% respectivamente). En relación a anos anteriores, mentres que nas provincias de A Coruña e Pontevedra o número de fogares foi en aumento desde 2007 a 2015, nas provincias de Lugo e Ourense o número de fogares descendeu entre os anos 2010 e 2015.

- **Fogares compostos por persoas de 65 ou máis anos. Número de fogares, peso no total de fogares da provincia/Galicia (%)**

	Incidencia	Número
Galicia	22,25	236.029
A Coruña	21,67	95.863
Lugo	26,01	34.652
Ourense	28,65	37.362
Pontevedra	19,21	68.153

Fonte: elaboración propia a partir dos datos do IGE

En Galicia existen 236.029 fogares compostos por persoas de 65 ou máis anos, o que supón o 22,25% do total de fogares galegos. Con respecto ao ano anterior, o número de fogares deste tipo aumentou un 0,62%.






Por provincias, Pontevedra é a que conta cunha menor porcentaxe de fogares deste tipo (19,21%) e no outro extremo atópase Ourense, onde o 28,65% dos fogares está formado por persoas de 65 ou máis anos.

- **Número de fogares compostos por persoas de 65 ou máis anos segundo o tamaño de municipio. Galicia 2007-2015.**

	Menos de 10.000 habitantes	Entre 10.000 e 20.000 habitantes	Entre 20.000 e 50.000 habitantes	Máis de 50.000 habitantes	Total
2007	89.227	28.597	20.947	63.934	202.705
2010	96.796	33.884	23.866	69.849	224.395
2015	88.303	34.932	28.471	84.323	236.029

Fonte: elaboración propia a partir dos datos do IGE

Para o ano 2015 existían en Galicia un total de 236.029 fogares compostos unicamente por persoas de 65 anos ou máis, dos cales a maioría (o 37,41%) estaban situados en municipios con menos de 10.000 habitantes. Pola contra, só un 12,06% dos fogares compostos por persoas maiores de 64 anos estaban situados en municipios de entre 20.000 e 50.000 habitantes. Os fogares compostos unicamente por persoas maiores de 64 anos situados en municipios de menos de 20.000 habitantes incrementáronse entre os anos 2.007 e 2010, pasándose a reducirse entre os anos 2010 e 2015. Non ocorre o mesmo cos fogares da mesma tipoloxía situados en municipios cunha habitabilidade superior ás 20.000 persoas pois estes foron en progresivo aumento co paso dos anos, alcanzando unha diferenza de máis de 20.000 fogares para aqueles municipios de máis de 50.000 habitantes entre os anos 2007 e 2015.




Fonte: elaboración propia a partir dos datos do IGE

- **Número de persoas de 65 ou máis anos que viven en fogares con todos os membros de 65 ou máis anos (sobre o total de persoas maiores de 64 anos). Galicia e provincias 2007-2015.**

	Galicia	%	A Coruña	%	Lugo	%	Ourense	%	Pontevedra	%
2007	298.788	49,94	111.670	48,01	50.712	51,34	58.468	61,16	77.938	45,49
2010	332.127	53,59	129.057	52,97	51.858	52,77	59.907	62,12	91.305	50,35
2015	356.919	54,42	142.864	54,27	53.477	55,13	58.206	60,25	102.372	51,43

*Fonte: elaboración propia a partir dos datos do IGE*

Para todas as provincia galegas o número de persoas maiores de 64 anos que vive en fogares con todos os membros maiores de 64 anos foi en continuo crecemento co paso dos anos, a excepción da provincia de Ourense onde este dato se viu reducido en 2 puntos porcentuais entre os anos 2010 e 2015. Foron nas provincias de A Coruña e Pontevedra onde este dato máis se incrementou entre os anos 2007 e 2015, ascendendo en 6,26 e 5,94 puntos porcentuais respectivamente. No ano 2015, para todas as provincias galegas, máis da metade da poboación maior de 64 anos vive en fogares con todos os membros de 65 ou máis anos, sendo a provincia de Ourense a que presenta un dato máis alto, acadando un 60,25%.



*Fonte: elaboración propia a partir dos datos do IGE*

- **Fogares segundo a tipoloxía do fogar. Ano 2015. Porcentaxe (%)**

	Galicia	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra
Unipersoal	21,66	22,67	24,19	23,92	18,63
Sen núcleo	2,05	2,35	1,91	2,28	1,64
Parella con fillos	33,19	33,28	28,14	29,85	36,21
Parella sen fillos	23,18	22,93	22,74	24,99	23,00
Monoparental	9,78	9,14	9,87	10,73	10,19
Un núcleo e outros	6,63	6,32	8,93	5,66	6,51
Varios núcleos	3,51	3,32	4,22	2,57	3,82
Total	100,00	100,00	100,00	100,00	100,00

*Fonte: elaboración propia a partir dos datos do IGE*


O día 31 de decembro de 2015 existían en Galicia 1.060.792 fogares, dos cales o 21,66% correspondía a persoas que vivían soas. A tipoloxía máis habitual é a formada por unha parella con fillos (33,19% do total de fogares). Por provincias, Lugo e Ourense son as que contan cunha menor porcentaxe de fogares desta tipoloxía, mentres que é onde a porcentaxe de fogares unipersoais é maior.

- **Número de fogares de 65 anos ou máis, unipersoais por comunidades e cidades autónomas segundo sexo e estado civil**

2016	Total	Solteiro/a	Casado/a	Viúvo/a	Separado/a	Divorciado/a
España	1.933.300	338.400	92.400	1.294.900	71.900	135.700
Galicia	119.000	22.500	5.900	79.900	4.000	6.700

Fonte: elaboración propia a partir dos datos do INE

Tanto a nivel nacional como autonómico a tipoloxía máis común, con moita diferenza, nos fogares unipersoais compostos por persoas de 65 anos ou máis é a composta por persoas viúvas (roldando en ambas o 67%), seguidas dos fogares compostos por persoas solteiras e divorciadas. En relación aos datos nacionais e autonómicos, debemos dicir que ambos seguen a mesma tendencia, pois apenas se observan diferenzas nas cifras representadas.




Fonte: elaboración propia a partir dos datos do INE

- **Número de fogares unipersoais por comunidades e cidades autónomas segundo sexo, idade (maiores de 64 anos) e estado civil**

2016		Total	Solteiro/a	Casado/a	Viúvo/a	Separado/a	Divorciado/a
España	Homes	565.800	168.900	52.500	241.700	36.300	66.500
	Mulleres	1.367.400	169.500	39.900	1.053.200	35.600	69.200
Galicia	Homes	33.900	11.400	3.800	13.800	2.500	2.500
	Mulleres	85.100	11.200	2.100	66.100	1.500	4.200

Fonte: elaboración propia a partir dos datos do INE

Por sexos e tanto a nivel nacional como autonómico, a tipoloxía máis común de fogares unipersoais de persoas maiores de 64 anos é a composta por mulleres viúvas (77% fronte ao 40% de homes viúvos). Aínda que para o caso dos homes maiores de 64 anos que viven sos tamén é o máis común os fogares con homes viúvos, non existe moita diferenza daqueles compostos por homes solteiros (12 puntos porcentuais no caso nacional e 7 puntos porcentuais no caso galego). Un dato de interese é existencia dunha gran cantidade de fogares unipersoais compostos por persoas maiores de 64 anos casadas (92.400 a nivel nacional e 5.900 a nivel autonómico).




Fonte: elaboración propia a partir dos datos do INE

- **Nivel de ingresos mensuais dos fogares compostos por persoas de 65 ou máis anos (número). Galicia.**

	2007	2010	2015
Ata 400,00 €	6.849	5.518	2.793
De 400,01 a 600,00 €	40.388	15.625	13.174
De 600,01 a 1.000,00 €	75.488	95.378	91.234
De 1.000,01 a 1.500,00 €	53.428	63.913	59.921
De 1.500,01 a 2.000,00 €	17.214	22.683	31.906
Máis de 2.000,00 €	9.339	21.277	37.001
<b>Total</b>	<b>202.705</b>	<b>224.395</b>	<b>236.029</b>

Fonte: elaboración propia a partir dos datos do IGE

Para todos os anos, o nivel de ingresos mensuais máis común dos fogares compostos por persoas de 65 ou máis anos é o comprendido desde os 600,01€ hasta os 1.000€, véndose lixeiramente diminuído entre os anos 2010 e 2015. Seguido deste dato, o nivel de ingresos máis común é o comprendido entre os 1.000,01 e os 1.500. Un dato de interese e moi favorable, é que mentres que o rango de ingresos inferior a 400€ foi diminuído co paso dos anos, os rangos de ingresos superiores a 1.500€ foi en aumento alcanzando un total de 68.907 fogares galegos.




Fonte: elaboración propia a partir dos datos do IGE

• **Tipoloxía dos fogares compostos por persoas de 65 ou máis anos. Galicia.**

	Unipersoal	Parella sen fillos	Outro tipo*	Total
2007	110.941	81.113	10.652	202.705
2010	121.246	91.399	11.750	224.395
2015	121.297	102.729	12.004	236.029

Fonte: elaboración propia a partir dos datos do IGE

A tipoloxía máis común ao longo dos anos, dos fogares compostos por persoas de 65 ou máis anos en Galicia é, aínda que con moitos altibaixos a unipersoal, acadando para o ano 2015 un total de 121.297 fogares. Con 18.500 persoas menos, e observándose un incremento progresivo das súas cifras ao longo dos anos, a tipoloxía de fogar formada por unha parella sen fillos ocupa o segundo posto acadando para o ano 2015 un total de 102.729 fogares.



Fonte: elaboración propia a partir dos datos do IGE

\* Outro tipo inclúe: "Sen núcleo", "Parella con fillos", "Monoparental", "Un núcleo e outros" e "Varios núcleos"

### TAXA DE RISCO DE POBREZA:

A taxa de risco de pobreza é a porcentaxe de persoas cun ingreso equivalente inferior ao limiar de risco de pobreza de Galicia, que se establece no 60% da mediana de ingresos equivalentes. Para un fogar unipersoal o limiar en 2015 é de 600 euros/mes, mentres que para un fogar composto por dous adultos (1,5 unidades de consumo) o limiar é de 900 euros/mes (1,5\*600).(IGE).

- **Limiar do risco de pobreza 2015**

	2015
Galicia	600,00
A Coruña	630,00
Lugo	620,00
Ourense	580,00
Pontevedra	562,74

- **Taxa risco de pobreza Galicia e provincias**

	2015	2010	2007
Galicia	16,95	14,28	14,63
A Coruña	13,62	12,65	11,71
Lugo	13,39	11,93	15,79
Ourense	17,98	15,29	19,08
Pontevedra	21,83	16,74	16,15

*Fonte: elaboración propia a partir dos datos do IGE*

Por provincias para o ano 2015, a taxa máis alta corresponde a Pontevedra (21,83%) e a máis baixa a Lugo (13,39%). Con respecto ao ano 2010, aumenta a taxa de risco de pobreza en todas as provincias, sendo máis evidente a diferenza na provincia de Pontevedra, pois esta aumenta en 5 puntos porcentuais. Mentres que nas provincias de A Coruña e Pontevedra o incremento foi en continuo progreso a partir do ano 2007, nas provincias de Lugo e Ourense este crecemento dáse a partir de 2010.


- **Taxa de risco de pobreza das persoas de 65 ou máis anos que viven soas segundo o sexo. Galicia.**

	2007	2008	2009	2010	2011	2012	2013	2014	2015
Unipersoal masculino	31,91	30,76	16,33	13,05	11,96	12,72	9,82	5,26	12,24
Unipersoal feminino	45,69	34,39	25,18	17,17	13,12	14,41	10,32	10,07	12,03

*Fonte: elaboración propia a partir dos datos do IGE*

Para o ano 2007 existía unha diferenza de 13,78 puntos porcentuais entre a taxa de risco de pobreza dos homes maiores de 64 anos que viven sos e as mulleres maiores de 64 anos que viven soas. A partir deste ano, e hasta o ano 2012 este dato foi descendendo en ambos xéneros aínda que no caso das mulleres a diferenza é maior, pois mentres no caso dos homes este dato descende en 19,95 puntos, no caso das mulleres faino en 32,57 puntos. Aínda que entre os anos 2012 e 2013 ambos datos aumentan escasamente, entre o 2013 e 2014 ambos datos volven a descender. A

partir do ano 2014 a taxa de risco de pobreza volve a aumentar en 2 puntos para o caso das mulleres e en 7 para o caso dos homes, superando por primeira vez ao sexo contrario.




Fonte: elaboración propia a partir dos datos do IGE

- **Taxa de risco de pobreza das persoas que viven en fogares con todos os membros de 65 ou máis anos. Galicia e provincias.**

	2007	2008	2009	2010	2011	2012	2013	2014	2015
Galicia	29,90	25,57	17,97	16,13	13,27	11,78	10,48	9,71	11,40
A Coruña	30,37	27,52	17,24	15,96	14,96	12,83	10,48	9,23	12,21
Lugo	27,05	18,78	15,34	10,11	8,45	5,79	8,48	6,03	7,00
Ourense	30,31	29,73	21,66	19,39	13,95	13,94	12,78	9,22	13,65
Pontevedra	30,75	24,05	18,11	17,66	13,29	12,11	10,18	12,44	11,27

Fonte: elaboración propia a partir dos datos do IGE

Desde o ano 2007 hasta o ano 2012, todas as provincias galegas sufriron un descenso progresivo nas súas taxas de risco de pobreza das persoas que viven en fogares con todos os membros maiores de 64 anos. Mentres que este dato seguiu diminuindo nas provincias de A Coruña e Ourense hasta o ano 2014, a provincia de Pontevedra sufriu un aumento considerable entre os anos 2013 e 2014 para a partir de aí volver a descender. A provincia de Lugo sufriu un aumento de 3 puntos porcentuais entre os anos 2012 e 2013, para no ano 2014 volver practicamente aos datos acadados dous anos antes. As provincias de Ourense e A Coruña sofren, entre os ano 2014 e 2015 a súa única etapa de crecemento (4,43 puntos e 2,98 puntos respectivamente). Para toda a etapa estudada, a provincia de Lugo é a que presenta uns datos menores acadando para o ano 2015 unha porcentaxe do 7,00%. Pola contra, Ourense con 13,65 puntos é a provincia galega cunha maior taxa de risco de pobreza das persoas que viven en fogares con todos os membros de 65 ou máis anos.



Fonte: elaboración propia a partir dos datos do IGE



